

Obxectivos:

A lei do ano 1956 culminou o proceso de implantación da xurisdición contencioso-administrativa en España coa creación dunha figura, a dos/das maxistrados/as especialistas, que impulsou o seu desenvolvemento xunto cos/as maxistrados/as que procedían da quenda xeral da carreira xudicial.

Corenta e dous anos despois viu a luz o texto actualmente vixente, en relación ao cal viéronse producindo diversas modificacións, singularmente en materia de competencias, custas procesuais e, sobre todo, no réxime xurídico do recurso de casación.

Neste momento o debate céntrase na cuestión de se é necesario un novo texto legal ou, pola contra, basta o vixente con modificacións puntuais nalgúns institutos que cada vez teñen maior incidencia, entre os que destacan a mediación; a posibilidade de volver sobre as custas procesuais para eliminar o vencemento obxectivo; a necesidade de xeneralizar un procedemento abreviado, mesmo ante os órganos colexiados, ou a de implantar a dobre instancia no contencioso-administrativo e, deste xeito, dar o seu propio sentido ao recurso de casación.

Persoas destinatarias:

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas de Galicia, tanto de xustiza como autonómica e local, dos entes instrumentais da comunidade autónoma, das universidades do Sistema universitario de Galicia, profesionais e persoas interesadas en xeral.

Convocatoria:

DOG núm. 215, do 12 de novembro de 2018

Información e matrícula:

Teléfonos: 981 546 239 // 981 546 241

Correo: novas.egap@xunta.gal Web: <https://egap.xunta.gal>

Lugar de desenvolvemento:

EGAP. Rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela

XORNADA

A LEI REGULADORA DA XURISDICIÓN CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA, VINTE ANOS DESPOIS

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2018



MAÑÁ

- 10:00 h. Acreditacións e recollida de documentación.
- 10:15 h. **INAUGURACIÓN.**
- 10:30 h. **Presentación a cargo de José María Gómez y Díaz-Castroverde.**
Presidente da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG).
- 10:45 h. **A xustiza administrativa 20 anos despois.**
José María Baño León. Avogado. Catedrático de Dereito Administrativo. Universidade Complutense de Madrid.
- 11:45 h. Pausa-café.
- 12:15 h. **Os principios do Dereito da Unión Europea e a Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.**
Joaquín Huelin Martínez de Velasco. Socio de Cuatrecasas e antigo Maxistrado do Tribunal Supremo.
- 13:15 h. **Problemas procesuais actuais, prácticos e de modelo, da xurisdición contencioso-administrativa.**
Santiago González-Varas Ibáñez. Catedrático de Dereito Administrativo. Universidade de Alicante.
- 14:15 h. Fin da xornada de mañá.



TARDE

- 16:30 h. **A mediación na xurisdición contencioso-administrativa.**
María Esperanza Ramírez Eugenio. Maxistrada do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Las Palmas de Gran Canaria.
- 17:15 h. **A nova casación contencioso-administrativa. Algunhas consideracións.**
Juan Pedro Quintana Carretero. Presidente da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid.
- 18:00 h. **CONFERENCIA DE CLAUSURA:**
Dous anos do novo recurso de casación.
Juan Alfonso Santamaría Pastor. Avogado. Catedrático de Dereito Administrativo. Universidade Complutense de Madrid.

DIRECCIÓN ACADÉMICA:

José María Gómez y Díaz-Castroverde

Presidente da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Sonia Rodríguez-Campos González

Directora da EGAP

NOTA:

Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación. As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola:

(<https://egap.xunta.gal>)